Sobre as medidas implementadas polo Goberno galego para evitar os abandonos desde a promulgación da Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, os trámites que está a levar a cabo para sancionar as persoas que venden animais de xeito irregular e os datos referidos ás denuncias recibidas ao respecto

- 55099 (10/PRE-017634)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre os datos referidos á tramitación das solicitudes presentadas polos concellos e entidades protectoras ao abeiro das convocatorias de axudas publicadas polo Goberno galego nos anos 2018 e 2019 no marco do cumprimento da Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia, así como a valoración do investimento destinado para ese fin

- 55107 (10/PRE-017635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do resultado da inspección básica realiza pola Axencia Galega de Infraestruturas en relación co estado de conservación da ponte medieval de Pontesampaio, así como as medidas que se deben adoptar para a súa protección e conservación

- 55110 (10/PRE-017636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o mantemento polo Goberno galego, na actualidade, do compromiso de creación do Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando, de Lugo, e as previsións para ese fin

- 55117 (10/PRE-017637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis



Sobre as previsións do Goberno galego referidas á declaración do xabaril como unha praga en Galicia, así como as medidas levadas a cabo, no marco das reflectidas na estratexia nacional ao respecto aprobada en febreiro de 2019, para o censo e xestión da especie

- 55127 (10/PRE-017638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demora existente no remate das obras de reforma do IES Ramón Cabanillas, de Cambados, a posibilidade da Xunta de Galicia de garantir o normal inicio do curso escolar e as actuacións previstas para ese fin

- 55137 (10/PRE-017639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa situación de precariedade laboral do persoal dos centros residenciais dependentes da Consellería de Política Social e a suspensión do artigo 19 do V Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia

- 55140 (10/PRE-017640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento dos compromisos adquiridos coa cidade de Lugo en relación coa creación do Museo da Romanización de Galicia no edificio do antigo Cuartel de San Fernando

- 55143 (10/PRE-017641)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón

Sobre os trámites levados a cabo pola Xunta de Galicia para o cumprimento da Lei de benestar animal nun núcleo zoolóxico asentado na provincia da Coruña, así como as súas intencións respecto do desenvolvemento dun marco normativo propio para instalacións zoolóxicas

- 55147 (10/PRE-017642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a opinión e as medidas adoptadas ou previstas polo Goberno galego respecto da imposibilidade de presentar na convocatoria do Certame Arquímedes traballos de investigación en lingua galega

- 55151 (10/PRE-017643)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa situación de Alcoa en San Cibrao, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para salvagardar os seus postos de traballo e a súa actividade industrial

- 55170 (10/PRE-017644)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva



Sobre a realización polo Goberno galego dalgún estudo en relación cos falsos autónomos no mercado de traballo, as medidas levadas a cabo e previstas ao respecto, así como as que vai desenvolver de xeito concreto no ámbito da denominada economía das plataformas

- 55183 (10/PRE-017645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o posible apoio polo Goberno galego da mobilización mundial polo clima convocada para o 27 de setembro, a súa opinión respecto da necesidade de crear un gabinete de crise contra a emerxencia climática e unha axencia galega para o clima e a meteoroloxía, así como as medidas que vai adoptar a curto e medio prazo para afrontar a crise climática

- 55191 (10/PRE-017646)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia para paliar a incidencia do cambio climático nos recursos hídricos

- 55194 (10/PRE-017647)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as medidas levadas a cabo e previstas polo Goberno galego para evitar a precariedade do mercado laboral

- 55205 (10/PRE-017648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da recuperación do programa de préstamo universal de libros de texto

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 11 de setembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 1309/2013, sobre o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (2014-2020) [COM(2019) 397 final] [2019/0180 (COD)]

-10/UECS-000285 (55477)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 1309/2013, sobre o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (2014-2020) [COM(2019) 397 final] [2019/0180 (COD)]



No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 55477, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello que modifica o Regulamento (CE) nº 1309/2013, sobre o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (2014-2020) [COM(2019) 397 final] [2019/0180 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 11 de setembro de 2019, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2019/501 e 2019/502 no que respecta aos períodos de aplicación (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 396 final] [2019/0179 (COD)]

-10/UECS-000286 (55482)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2019/501 e 2019/502 no que respecta aos períodos de aplicación (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2019) 396 final] [2019/0179 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 55482, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Proposta de regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifican os Regulamentos (UE) 2019/501 e 2019/502 no que respecta aos períodos de aplicación (Texto pertinente para efectos del EEE) [COM(2019) 396 final] [2019/0179 (COD)].



Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (BOPG 27 do 9 de decembro de 2016), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no BOPG número 528, do 11 de setembro de 2019, da Proposición non de lei de iniciativa popular sobre o recoñecemento e regulación polo Goberno galego da figura da enfermaría escolar e o impulso dun acordo entre as consellarías con competencias en materia de educación e sanidade para a dotación dunha praza aos centros públicos e privados concertados de ensino

Advertido un erro na epígrafe baixo a que se publicou a devandita proposición non de lei de iniciativa popular, corríxese no seguinte sentido:

Nas páxinas 173554 e 173567, onde di:

«1. Procedementos parlamentarios
1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular»



Debe dicir:

«1. Procedementos parlamentarios
1.3. Procedementos de control e impulso
1.3.6. Proposicións non de lei
1.3.6.3. Proposicións non de lei de iniciativa popular
1.3.6.3.1. Proposicións presentadas»

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2019
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior



Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos.**

A máxima preocupación das persoas, das familias en Galicia é **o emprego**. A cantidade e tamén a súa calidade.

Temos **as xeracións máis competentes da nosa historia**. As persoas esfórzanse para formarse, completan unha FP ou cursan un grao universitario e logo un mestrado –os que poden-. Ou acreditan doutros xeitos a súa profesionalización. O noso nivel sube, e debemos tender a que o faga aínda máis, porque é unha garantía de futuro.

¿**E logo que?** A dedicación e o esforzo chocan coa crúa realidade do mercado laboral. **Algúns**, os menos, teñen unha entrada prometedora no mercado laboral, con **estabilidade e bos salarios**. **Outros marchan**, seguramente os máis ousados, preparados ou con recursos. **E a maioría vense condenados á precariedade e á salarios demasiado baixos**. A ir dando tombos de contrato en contrato, nunha inestabilidade asfixiante, con ingresos que permiten dificilmente chegar a fin de mes, axudados por familiares ou pensionistas, sentindo que o seu esforzo e a súa formación non son adecuadamente recompensados. No último ano, de case 1 millóns de contratos en Galicia houbo máis de 900 mil contratos temporais.

Na recuperación **o emprego temporal medra a un ritmo tres veces superior ao indefinido**. Para as mulleres, peor. Para os menores de 30 anos practicamente **todo o emprego** creado nestes últimos anos é temporal. **Todo o emprego público creado desde 2014 é temporal**. De novo, **todo o emprego**. **E isto si que depende directamente das políticas da Xunta de Galicia**.

O Goberno galego ten que rectificar as súas políticas neste campo. **Creamos demasiado pouco emprego (un 8 % desde o segundo trimestre de 2013 ao segundo de 2019, cando en España as cifras máis que duplican a estas)**.

A ocupación que se xera **non cumpre as condicións mínimas** de estabilidade e suficiencia salarial. Non ofrece boas oportunidades. **Condena á mocidade no**



presente e sacrificaa no futuro, porque o que sucede ao inicio condiciona toda a traxectoria laboral. E o **sector público autonómico compórtase aínda peor**. En vez de corrixir a tendencia á precariedade, agudízaa.

¿Como imos pedirlle á mocidade compromiso co futuro (formativo, social, político) se non lle ofrecemos un presente digno?

¿Como vai a Xunta de Galicia ter autoridade moral para dirixirse aos axentes privados para que combatan a precariedade se é un mal exemplo no sector público autonómico?

O cambio de políticas públicas é urxente. Na Administración da Comunidade Autónoma para ofrecer oportunidades satisfactorias á nosa mocidade. Nas políticas de emprego, para incidir en salarios e condicións laborais en favor dunha remuneración suficiente e unhas condicións dignas.

Polo exposto, o deputado e a deputada asinantes formulan as seguinte preguntas:

- 1.^a) Está disposta a Xunta de Galicia a rectificar as súas políticas de emprego para darlle unha oportunidade á mocidade?
- 2.^a) Está disposta a Xunta de Galicia a por en marcha un plan de actuación contra a precariedade laboral, a fenda de xénero e os baixos salarios?
- 3.^a) Está disposto a facelo no sector público autonómico?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga

Asdo.: Teresa Porrirt Lueiro

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 13:10:41





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 55049
Data envío: 04/09/2019 14:11:56.597

María Teresa Porrirt Lueiro na data 04/09/2019 13:10:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGMUQ4RQhBG8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga e Teresa Porritt Lueiro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**

Galicia vén experimentando unha taxa de expansión do seu produto nos últimos anos que en media iguala á do conxunto de España. Pola contra a creación de emprego vén experimentando un ritmo que é aproximadamente a metade do español. Como resultado a produtividade do traballo en Galicia converxe coa española pero ao tempo perdemos base humana, en termos comparados, e producimos menos oportunidades de emprego á mocidade que se incorpora ao mercado laboral.

Converxemos en renda por habitante e en produtividade pero experimentamos unha atonía demográfica que nos fai perder peso no conxunto de España e nos aboca a un futuro dunha sociedade demograficamente regresiva, cunha estrutura da poboación cada vez máis avellentada, cun número elevado de persoas dependentes gravitando sobre unha base ocupacional limitada.

A solución está en impulsar a formación de capital (privado e público), ben sexa procedente do exterior ben sexa a que ten lugar desde Galicia. Sen embargo observamos o seguinte:

- En investimentos externos estamos moi por baixo do que nos correspondería por dimensión humana ou económica. Normalmente, no 1 % de España.
- En investimento propio, non é só que esteamos un 40 % por baixo da formación de capital que en 2008. E que na época de Fraga investíanse 6 de cada 10 euros de ganancias e rendas mixtas. Na de Touriño, 7 de cada 10. Desde que é presidente Alberto Núñez Feijóo só 4 de cada 10.

¿Imaxínanse que impulso fenomenal daríamos ao investimento e ao emprego se fósemos quen de igualar a ratio de investimento da época Fraga? (xa non digo a de Touriño) ¿Cantos proxectos adicionais en marcha? ¿Cantos mozos e mozas que estarían gañándose a vida e vivindo aquí en vez de seguir exportando cerebros?



Exportamos traballo cualificado, ben formado. Exportamos capital, singularmente a través do sistema financeiro, irrigando economías noutras latitudes. En marzo de 2019, de acordo cos datos do Banco de España mantiñamos 64.725 millóns de euros en depósitos pero só 40.660 millóns en créditos.

A política da Xunta de Galicia, que consideramos fracasada, apostou polos incentivos fiscais e polos cambios na regulación legal. Os resultados son suficientemente elocuentes.

Polo exposto, o deputado e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Considera vostede aceptábeis os datos de formación bruta de capital en Galicia desde 2009?
- 2.^a) Como explica o desaxuste entre a evolución alcista do excedente bruto de explotación e a atonía da FBC nos últimos anos?
- 3.^a) Considera un éxito a política de incentivos fiscais ao investimento en Galicia dos últimos anos?
- 4.^a) Está disposto a rectificar as súas políticas de captación de investimentos?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Teresa Porritt Lueiro
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 04/09/2019 14:02:18

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 14:02:30



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Un barómetro publicado en febreiro deste ano pola Cámara de Comercio española en Reino Unido estimaba en máis de 77.000 millóns de euros as inversións españolas en xogo con motivo do Brexit.

O risco dunha desconexión de xeito radical cobra máis forza logo de que o premier británico, Boris Johnson, decidise solicitar á raíña suspender a actividade do Parlamento británico durante cinco semanas para evitar que a oposición intente frear o mais que previsible divorcio hostil coa UE, antes do 31 de outubro deste ano, data na que vence a prórroga pactada entre Bruxelas e Londres.

Ante esta situación, e de non mudar o transcurso dos acontecementos, produciríase un brexit duro, que conlevaría ter que aplicar o Dereito Internacional e, de novo, obrigaría a negociar todo o relativo á pesca.

Cunha saída do Reino Unido sen acordo, veríanse gravemente afectados aspectos como as nosas posibilidades de pesca, o control veterinario, a homologación de titulacións, o control de fronteiras ou o etiquetado de peixe.

De eloxiar é o traballo que dende o primeiro momento levou a cabo a Consellería do Mar, sendo a primeira rexión europea en trazar unha folla de ruta neste eido, encargando diversos estudos ás universidades galegas que nos permitisen obter os mellores argumentos no obxectivo de que a pesca non sexa utilizada como moeda de cambio.

En definitiva, ante a nova situación xerada e a posibilidade de afrontar un brexit sen acordo, deberemos de estar preparados para acometer cambios que permitan atender as necesidades derivadas da aplicación das normas e da operativa diaria do noso sector pesqueiro.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais :

-Que está a facer a Consellería do Mar para afrontar o impacto da saída do Reino Unido da Unión Europea?



- En que consistiron os estudos encargados pola Consellería do Mar para analizar o Brexit?
- Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre a situación que se presenta para a frota galega con motivo do abandono da UE por parte do Reino Unido?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 14:26:10

María Ángeles Garcia Míguez na data 04/09/2019 14:26:31

Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 14:26:42

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 14:27:01

Marta Rodriguez Arias na data 04/09/2019 14:27:17

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 14:27:36

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 14:27:50



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**

O 17 de xuño do presente ano, con motivo do Día Mundial da Loita contra a Desertificación do Solo, ADEGA denunciou que en Galicia se perden anualmente preto de 42 millóns de toneladas de solo por mor da erosión, polo que cómpre “adoptar medidas urxentes e efectivas contra esta problemática”.

A asociación ecoloxista subliñou que “o actual contexto de cambio climático” é en gran medida responsable de que o 12% do territorio galego sufra risco de desertización. Outras causas salientables son “os incendios forestais, os monocultivos, a agricultura e a gandería intensiva, as explotacións domésticas, o urbanismo e a ocupación do litoral, a minaría, e en xeral os cambios nos usos de solo”. A todo isto hai que sumar as secas recorrentes e os cambios nas precipitacións.

A situación é dunha inmensa gravidade polo que significan os solos para a biodiversidade do planeta, así como para a produción de alimentos saudábeis e para a almacenaxe e a filtración da auga.

Para afrontar a crise, ADEGA reivindica conservar o bosque autóctono; loitar contra os incendios; fomentar a compostaxe caseira e comunitaria, con modelos porta a porta para o lixo urbano e plantas de compostaxe comarcal; adoptar medidas contundentes contra o cambio climático; e aumentar a protección real e efectiva dos espazos naturais coas figuras legais axeitadas.



É o obvio que a Goberno galego lle queda aínda moito que facer para satisfacer estas demandas. O bosque autóctono mingua cada ano en favor do monocultivo do eucalipto; todos os anos Galicia padece 6.000 incendios, a metade do conxunto do Estado; SOGAMA segue sen apostar por unha xestión sustentable; as medidas contra o cambio climático continúan sendo anecdóticas e propagandísticas; e a lexislación actual é incapaz de protexer da maneira axeitada a contorna natural. Urxe, polo tanto, que a Xunta de Galicia asuma as reivindicacións de ADEGA e aplique políticas que sexan congruentes coas mesmas.

Polo anterior, o Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que valoración fai a Xunta sobre as demandas de ADEGA ao respecto da loita contra a desertificación?
- 2.^a) Que ven facendo a Xunta de Galicia para deter o proceso de desertificación?
- 3.^a) Ten previsto a Xunta de Galicia impulsar medidas ambiciosas para deter a desertificación?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 16:22:08

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 16:22:21



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Martín Fernández Prado, Alberto Pazos Couñago, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Más de 400 embarcacións posúen permiso para empregar a arte do xeito en Galicia, conformando unha das frotas máis importantes do sector pesqueiro galego en termos de pesca costeira artesanal.

Esta arte é sumamente selectiva e ten escasas especies obxectivo, polo que cando se procede ao peche da pesquería da sardiña no caladoiro Cantábrico Noroeste prodúcese un impacto significativo sobre esta frota.

Aínda que debemos partir do feito de que o stock da sardiña non é especialmente bo, xa que incluso a Unión Europea estivo a piques de prohibir a pesca desta especie no ano 2018, tamén debemos recoñecer o traballo do anterior Goberno central que, apoiado pola Xunta de Galicia e o Goberno de Portugal, conseguiron que Bruxelas aprobara un plan plurianual de recuperación da sardiña, garantindo que a especie non desaparecera dos mercados e se puidera seguir pescando, aínda que nunha cantidade bastante inferior, que permita axudar a recuperar a especie.

Galicia estivo en contacto permanente co Goberno central para interesarse polo asunto, xa que desde o primeiro momento compartiu a preocupación, non só do sector do xeito senón tamén doutras frotas como a do cerco.

Por iso, a propia Conselleira do Mar, sempre demandou a importancia de facer valer os datos científicos para acadar unha melloría nas posibilidades de pesca desta especie nas negociacións que permitise retomar a actividade pesqueira con normalidade.

Ante esta situación, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais:

- 1- Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da pesquería da sardiña?
- 2- Que criterio se segue para a asignación de cotas de captura?
- 3- Como considera a reserva de cota para esta frota do xeito?
- 4- Que previsión fai o Goberno de Galicia de cara a artellar apoios de darse un peche nesta pesca para este ano?



Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 04/09/2019 16:58:48

María Ángeles Garcia Míguez na data 04/09/2019 16:58:57

Martín Fernández Prado na data 04/09/2019 16:59:07

Alberto Pazos Couñago na data 04/09/2019 16:59:21

Marta Rodríguez Arias na data 04/09/2019 16:59:34

María Soraya Salorio Porral na data 04/09/2019 16:59:59

Daniel Vega Pérez na data 04/09/2019 17:00:30

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

A asociación ecoloxista Greenpeace tivo que cancelar a escala do seu barco 'Rainbow Warrior' no porto de Vigo prevista a partir do 24 de xullo, debido ás hostilidades coas que se atoparon da autoridade portuaria e, sobre todo, do seu presidente o popular Enrique López Veiga, que mesmo unha vez que Greenpeace confirmou que mudaban a escala a Vilagarcía de Arousa, dixo publicamente «Me parece muy bien que no vengan aquí, no aportan nada».

El Rainbow Warrior está de xira por Europa e en España tiña previsto visitar o porto de Vigo despois de pasar polos de Barcelona e Málaga, onde non tiveron problemas para atracar e desenvolver as súas actividades, no marco dunha campaña para concienciar sobre os efectos do cambio climático.

Concienciar sobre a necesidade de mudar o rumbo para reverter o cambio climático é unha cuestión moi necesaria no actual contexto de crise medioambiental e do clima, xa que segundo os datos científicos, está en risco a vida no planeta das futuras xeracións, máis sen embargo seguimos vendo a dirixentes do PP dicindo que campañas como a de Greenpeace non aportan nada, como cando escoitamos a Rajoy dicir que tiña un primo, ou cuñado diría eu, que lle dicía que o do cambio climático era un conto, declaracións moi perigosas ante unha cuestión de tanta importancia.



Supoñemos que as reticencias do Presidente da institución portuaria responden ao esforzo do PP por agochar a realidade do cambio climático e as responsabilidades do seu partido a este respecto, e mesmo as malas prácticas da autoridade portuaria de Vigo, que xa lle valeron para que Ecoloxistas en Acción lle outorgase a súa bandeira negra recentemente, que supoño que a López Veiga tampouco lle aportan nada.

Trala negativa do Porto de Vigo, o Rainbow Warrior puxo rumbo ao Porto de Vilagarcía para a súa escala nas Rías Baixas e así poder desenrolar as súas actividades de concienciación e sensibilización, onde tamén pretenden amosar o seu apoio ás medidas de transición enerxética impulsadas na Illa de Arousa.

A autoridade portuaria de Vilagarcía de Arousa ten amosado outra actitude diferente nas conversas coa asociación ecoloxista e nas súas declaracións públicas, o cal é o mínimo que se debe esixir a uns representantes públicos, cuestión mínima que non foi quen de asumir o señor López Veiga. Máis de momento todo queda niso, en boas palabras.

A autoridade portuaria nega a entrada en Porto do Rainbow Warrior alegando motivos de seguridade, uns motivos que non impediron que atracase o buque escola Juan Sebastián Elcano no 2002, que recibiu a visita de máis de 11.000 persoas nun so día, nin parece que tampouco supón un problema para os cruceiros que fan escala no porto vilagarciano, polo que é inevitable sospeitar que a popular Franco Malvar á fronte do Porto de Vilagarcía está dificultando a entrada do barco por outros motivos.

A asociación local Xuventude Activa en Sinerxia tamén está denunciando esta situación e convocando actividades e accións de denuncia para visibilizar esta situación. Esixen que a administración facilite a escala do barco de Greenpeace para que poidan desenrolar a súa actividade, xa que é de enorme interese social.



Polo exposto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Que opina a Xunta de Galicia sobre as dificultades atopadas polo barco Rainbow Warrior para facer a súa escala en Vigo e Vilagarcía?
- 2.^a) Fixo a Xunta de Galicia algunha xestión para tratar de solventar este problema?
- 3.^a) Está de cordo a Xunta de Galicia coas declaracións feitas polo presidente do Porto de Vigo ao respecto de Greenpeace?
- 4.^a) Considera a Xunta de Galicia que Greenpeace efectivamente non aporta nada cunhas xornadas sobre o cambio climático?
- 5.^a) Comparte a Xunta de Galicia a posición do Porto de Vilagarcía alegando problemas de seguridade cando non ten ese problema coas escalas dos cruceiros?
- 6.^a) Ten pensado a Xunta de Galicia facer algunha xestión como resposta á negativa de dous portos competencia do Estado para acoller as actividades de concienciación sobre o cambio climático de Greenpeace nas Rías Baixas?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García,

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 17:21:46

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 17:21:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Nestes últimos tempos ten medrado a preocupación cidadá en relación ao vertedoiro que existe a só dúas millas da franxa de protección da illa de Sálvora, illa que pertence ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que está radicada na ría de Arousa. Ao longo das últimas dúas décadas, segundo indican estudos oficiais, téñense acumulado non menos de 2 millóns de metros cúbicos de residuos procedentes de dragaxes portuarias, ao que se suma a preocupación de realizar novos vertidos polo Goberno galego, é dicir, unha nova ameaza á riqueza ambiental e económica da ría de Arousa, pois esta zona é zona OSPAR, zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de especial protección para as aves (ZEPA) e Ben de Interese Cultural coa categoría de paisaxe protexida.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Vai facer o Goberno da Xunta de Galicia novos vertidos a só dúas millas da franxa de protección da illa de Sálvora, na ría de Arousa?
- 2.^a) Se a resposta fose positiva, que medidas pretende poñer en marcha o Goberno para garantir a preservación deste espazo de altísimo valor ambiental?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 18:05:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:05:41

María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 18:06:12

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 18:06:36



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Galicia, polo seu emprazamento xeográfico e as súas particularidades físicas, conta con numerosas pontes, mais non todas esas pontes teñen a mesma entidade física nin tampouco a mesma significación histórica. En realidade, sendo poucas as que reúnen estas dúas premisas, unha das máis relevantes é a que supera o río Verdugo e que une as parroquias de Arcade (Concello de Soutomaior) e Pontesampaio (Concello de Pontevedra).

Construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais. Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época. No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarensis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dióceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular por



riba e a iluminación roza o ridículo. Ao anterior hai que sumar os desperfectos no seu pretil que case cada ano sofre (en 2013, 2014, 2018, por exemplo), o último o pasado 16 de agosto, cando un condutor descoidado levou por diante varias pedras co seu vehículo. O propio Goberno respostaba en marzo de 2016 que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que a significación física e histórica da ponte medieval de Pontesampaio é acorde con que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte fose “aceptable” hai anos? Que significa “aceptable”?
- 2.ª) Cando foi a última inspección que realizou a Axencia Galega de Infraestruturas sobre esa ponte?
- 3.ª) Pensa o Goberno que se deben adoptar medidas para protexer a ponte e impedir un maior deterioro?
- 4.ª) Se a resposta fose positiva, cales serían esas medidas e cando se desenvolverían?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 18:04:47

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/09/2019 18:33:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:34:11



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.**

O presidente Feijóo reiterou en múltiples ocasións o seu compromiso de continuar o proxecto da construción do Museo da Romanización de Galicia -un proxecto que vén xa do Goberno Fraga-, na cidade de Lugo, rehabilitando para elo o Cuartel de San Fernando. Un proxecto que tamén foi e ratificado polo Parlamento de Galicia en 2009. ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha proposta non de lei do grupo socialista que instaba a realizar este museo.

O cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009, foi mercado polo concello de Lugo ao Ministerio de Defensa por un importe de 2,4 millóns de euros e cedido á Xunta de Galicia para construír este Museo en 2010.

Por elo a Consellería de Cultura convocou un concurso de ideas, que adxudicou en agosto de 2010, para rehabilitar o dito cuartel co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos mais tarde o proxecto básico e de execución, e invertendo uns 400.000 euros segundo os cálculos da consellería en estas acción e actividades arqueolóxicas dentro do edificio.

A pesar de que a Xunta de Galicia non fixo nada dende 2012 en relación con este proxecto, demandado por toda a cidadanía lucense e tamén polo PP do Concello de Lugo, tanto a Consellería de Cultura como o presidente, mantiveron sempre que tiñan vontade de poñelo en práctica e que sufría un atraso debido as condicións económicas.

Pasados sete anos dende o remate do proxecto básico, e con unhas condicións económicas que o PP non deixa de definir como boas, cremos que xa chegou a hora de que a Xunta de Galicia asuma seriamente o proxecto de crear o Museo da Romanización de Galicia e comece a dar os pasos necesarios.

Polo exposto, a deputado e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



1.^a) Segue mantendo a Xunta de Galicia o compromiso manifestado en múltiples ocasións de poñer en marcha o Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando de Lugo?

2.^a) Cales son as previsións para a realización deste museo?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López e
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/09/2019 18:37:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:37:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Acollemos con sorpresa a iniciativa a respecto do xabaril e a demanda ao Estado reivindicando unha actuación decidida que poña solución a esta cuestión que está a promover o PP en diferentes comarcas galegas. Así, o PP de Lalín, a través dunha moción presentada para sometela a debate e votación no Pleno Municipal do 30 de agosto, na procura de obter un apoio unánime de tódalas forzas da corporación, argumenta basicamente que a solución á situación do xabaril pasa por demandar ao Estado que lidere as accións para poñer remedio a esta situación. Entre outras novidades, demándalle que declare praga esta especie, que elabore un censo de poboación por CCAA, que determine medidas de xestión, que estableza accións de bioseguridade (entre elas levantar unha valla con Francia), e que coordine ás CCAA neste asunto pois ao seu xuízo semella que non está a facer nada.

Carga o PP de Lalín contra o goberno central pola pasividade neste asunto, máis obvia valorar o papel e responsabilidade que neste eido lle corresponde á Xunta. Do mesmo modo, o 28 de agosto, o PP provincial de Lugo, anuncia semellantes argumentos co propósito de levar ao pleno da Deputación de Lugo, pedíndolle ao goberno central unha actuación fronte ao xabaril.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente, o 31 de agosto, en Rodeiro, o PP da provincia de Pontevedra, a través do seu presidente provincial, Alfonso Rueda, anuncia que presentarían na Deputación unha moción no mesmo sentido, “reclamar ao Goberno central que deseñe una estratexia común entre administracións para “frear” as consecuencias da proliferación do porco salvaxe nos cultivos e na seguridade vial”.

Unha das demandas principais que realizan é esixir do Estado a declaración da poboación do xabaril coma “PRAGA”, aspecto este que cabe matizar. En virtude da lexislación existente, é a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, a que regula o concepto de praga que afecte a cultivos e do procedemento da súa declaración e aplicabilidade.

Para a declaración oficial dunha praga as autoridades competentes deberán verificar a presenza e a importancia da “infestación”, e que no caso do xabaril, partindo que non existe unha información de partida sobre o tamaño poboacional, xa que non se dispoñen de censos, que ata agora negaron, e deberían concorrer outra serie de elementos para elevalo ao nivel de “infestación”. Máis de insistir nesta vía, e se tan claro o ten unha parte do PP de Galiza, non entendemos o motivo polo que non promoven desde o goberno da Xuntas dita declaración, pois o artigo 14, “Actuacións inmediatas e declaración de existencia dunha praga”, nos seus apartados 2) e 3) outorga a posibilidade de que as CCAA poidan declarar pragas dentro do seu territorio.

Cabe recordar que en materia de medio ambiente Galiza ten asumido competencias compartidas, correspondéndolle ao Estado a lexislación básica e á Galiza referidas ao desenvolvemento de normas adicionais, entre elas a que permite adoitar medidas propias para a xestión da fauna a través da súa lei de conservación da natureza, así coma a competencia en exclusiva da caza (EAG artigo 27.15). Xa que logo, Galiza conta coa suficiente autonomía normativa para dispoñer de medidas de actuación fronte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao xabaryl, sendo ademais quen debe exercer a responsabilidade competencial inmediata neste eido no desenvolvemento das súas atribucións.

Tendo en consideración que por numerosas veces, nos últimos tempos, o BNG ten presentado neste Parlamento, tanto no Pleno coma en Comisións, iniciativas demandando un Acordo para que a Xunta adoptase tódalas medidas ao seu alcance para poñer solución definitiva ó problema suscitado pola sobrepoboación do xabaryl, nomeadamente a elaboración e aprobación dun Plan de Xestión da especie incluíndo un censo e un protocolo de bioseguridade, coma medidas principais e eixos sobre os que dispoñer toda a gama de accións necesarias.

Atopándonos coa resistencia do grupo parlamentario do PP e dos cargos da Xunta que compareceron na Cámara a responder a preguntas do BNG, negando calquera posibilidade de adoptar un plan de xestión e elaboración de censos, argumentado que xa a Xunta de Galiza estaba a dispoñer das medidas suficientes para afrontar esta situación.

Pois resulta sorprendente que, agora, estruturas e cargos do seu partido, tanto no ámbito provincial coma local, artellen unha estratexia en paralelo demandando do Estado, o que aquí nin asumen nunha estratexia de eludir responsabilidades, logo de negar reiteradamente o problema.

Unha vez máis mantemos a necesidade de que de inmediato a Xunta asuma as súas responsabilidades e dispoña dun Plan de Xestión da especie, incluíndo a elaboración dun censo poboacional, a súa incidencia por Comarcas, e a protocolarización de tódalas medidas que, por separado ou combinadas, faciliten manexar o tamaño da especie e reducir os danos aos cultivos. Entendemos que unha política exclusiva de batidas non é a solución, coma se constata xa tras varios anos de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incremento destes controis, e que incluso pode agravar este problema e inducir máis danos a agricultura e outros sobre a biodiversidade.

Por todo o exposto formúlase as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Recoñece a Xunta a súa incapacidade de asumir a súa responsabilidade na problemática do xabaril, apreciación que se deduce da reivindicación de axuda urxente que demandan estruturas e cargos relevantes do PP galego, no ámbito provincial e dende algúns concellos, coma o de Lalín, ao goberno do Estado?

-Ten pensado á Xunta declarar a poboación do xabaril coma unha praga dentro de Galiza conforme reivindica unha parte do PP ?

-Que medidas de censo e xestión da especie ten realizado a Xunta de Galiza, dentro das previsións contidas no documento da Estratexia Nacional de Xestión do Xabaril, aprobada en febreiro de 2019, na Conferencia Estatal?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/09/2019 10:49:04

Xosé Luis Bará Torres na data 05/09/2019 10:49:17

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2019 10:49:23

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2019 10:49:31

Olalla Rodil Fernández na data 05/09/2019 10:49:41

Ana Pontón Mondelo na data 05/09/2019 10:49:48



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do **Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa reposta oral na Comisión 7.^a**, sobre o emprego de estratexias non letais para o control da fauna silvestre.

A autorización de batidas, en diferentes modalidades, vén sendo a única solución que ofrece a Xunta de Galicia diante das chamadas de atención de gandeiros e agricultores que perden parte do seu traballo por mor da aparición de animais silvestres nos seus espazos de traballo, responsabilizando aos seres vivos dunha problemática moito máis fonda de falta de políticas no rural por parte do executivo autonómico.

Deste requirimento, exceptúanse as ambulancias de Soporte Vital Avanzado de Foz, Monforte e do Salnés, que só deberán contar cun TES.

A correcta dotación en equipa humana das ambulancias permite a eficiencia na atención das urxencias extrahospitalarias. Eliminar un efectivo do persoal técnico recorta a capacidade para localizar a urxencia e chegar ata ela, e, polo tanto, engade un factor que eleva os tempos de actuación.

No caso de Foz, isto supón un recorte no actual servizo, cunha ambulancia medicalizada que conta en cada quenda con dous TES, médico e DUE.

Por outra parte, dende 2011 o horario da ambulancia asistencial con base en Foz recortouse ás 12 h, en lugar de ser de 24 h, o que converte esta zona nunha das de menor dotación de ambulancias de soporte vital básico.

Polo exposto, as a deputada e deputado que subscriben formulan a seguinte pregunta á Xunta para a súa resposta escrita:

1.- Por que se recorta no servizo de ambulancia medicalizada en Foz?



2.- Por que a Xunta trata como cidadanía de segunda á poboación da Mariña lucense, no que ten que ver con transporte sanitario urxente?

3.- Vai a Xunta rectificar a súa política de recortes no transporte sanitario urxente de Foz?

4.- Se vai haber un aumento do orzamento do transporte sanitario urxente para a Mariña nos vindeiros anos, por que se recorta en persoal?

Santiago de Compostela, a 2 de setembro de 2019.

Asinado: Paula Vázquez Verao e Luís Villares Naveira
Deputada e deputado do G.P. Mixto

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 02/09/2019 18:29:55

Paula Vázquez Verao na data 02/09/2019 18:30:00



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**

Vivimos nun tempo de emerxencia climática e deterioro ambiental que acadou xa o punto de non reversibilidade. A transición cara unha economía libre de emisións de efecto invernadoiro require un profundo cambio social, e por tanto, político.

A situación de deterioro ambiental e a emerxencia climática global, ocasionada por unha política de crecemento ilimitado e depredación baseada na explotación depredadora de recursos naturais, nun mecanismo de distribución comercial inxusto social e ambientalmente e nun modelo de consumo require un cambio radical nas políticas enerxética, industrial e de consumo que promoven as grandes corporacións e que as poboacións, sen crítica, practicamos.

A situación de desequilibrio ambiental e desigualdade humana Norte-Sur, incluíndo cada vez máis amplos focos de degradación ambiental no Norte e de máxima pobreza no Sur, demanda medidas urxentes, accións enérxicas e visión interxeneracional.

A ecoloxía política non é unha política máis dun programa de cambio, é o modelo sobre o que facer pivotar todo o resto da axenda, como o están a formular moitos movementos en diferentes partes do planeta.

En Marea reconece como certos os seguintes feitos:

- O cambio climático é una crise urxente que representa una grave ameaza para a estabilidade mundial e a existencia humana.
- O Panel Intergubernamental sobre o Cambio Climático (IPCC, en inglés) emitiu un informe especial sobre o impacto do quentamento global e a necesidade de reducir as emisións globais de gases de efecto invernadoiro antes do 2030 para manter o quentamento a 1.5 °C e evitar os impactos máis catastróficos do cambio climático. Isto, pode ser posible con accións ambiciosas das autoridades nacionais e subnacionais, a sociedade civil, o sector privado, os pobos e as comunidades locais.



- O ritmo e a escala actuais da acción climática nacional non son suficientes para evitar danos significativos á economía, o medio ambiente e á saúde humana nas próximas décadas.

Debemos formar parte da corrente de cambio global e asegurar programas de transición enerxética, industrial e de consumo, que permitan abordar os retos da mudanza climática á que determinadas grandes corporacións asentadas en Galicia contribúen decisivamente. Programas que teñan como piares a autosuficiencia enerxética sostible, o consumo responsable e a soberanía alimentaria.

Se non collemos a bandeira da loita contra o cambio climático traicionamos á mocidade que está nas rúas demandando que non se lles roube o futuro.

Hai que construír unha proposta de futuro sostible para a sociedade galega. Isto supón unha re-definición da política forestal, das explotacións agrarias e gandeiras, da nosa forma de consumir, do noso xeito de gobernar e do noso tecido produtivo, así como a mellora e a concienciación na reciclaxe de todos os recursos naturais existentes e dos que xeramos.

A explotación dos nosos montes ten que pasar da economía depredadora do monocultivo de eucalipto e do pino á recuperación das especies tradicionais (rebolas, castañeiros, bidueiros etc..), ben adaptadas ao noso clima, cunha nova Lei Forestal de Galicia que prohiba as novas plantacións en todo o territorio destas especies foránea e que fixe obxectivos realistas de substitución gradual de eucalipto e pino por especies frondosas autóctonas, dotada do financiamento adecuado.

En canto á xeración de enerxía, a única enerxía renovable que está nos plans da Xunta de Galicia é a eólica, precisamente a que ten máis impacto ambiental. Acadar a soberanía enerxética significa impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica, e poñer en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable, accesible por outra banda para todas as persoas, especialmente para aquelas con menores recursos, co afán de fomento da igualdade e da diminución das desigualdades entre as persoas que máis e menos recursos posúen.

Débase apostar pola mobilidade eléctrica, a limitación da circulación de vehículos contaminantes e a creación dunha infraestrutura ferroviaria propia para as cercanías que vertebran o territorio e reduzan o uso do vehículo privado.



É necesario adoptar medidas de simplificación administrativa que poñen en perigo a consecución dos obxectivos en materia de mitigación da crise climática.

A visión de catro anos e as boas palabras acompañadas de nula vontade de cambio real son cousa do pasado.

Estamos en estado de emerxencia, temos que actuar, temos que facelo de xeito colectivo e non podemos perder máis tempo.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte **Pregunta** para a súa **resposta escrita**:

1. Que medidas pensa tomar a Xunta de Galicia para frear os efectos no noso país da crise climática?
2. Ten pensado a Xunta presentar un plan de medidas para revitalizar o medio rural galego coa administración de recursos agrarios e forestais?
3. Vai elaborar a Xunta unha estratexia para reforzar a prevención de incendios forestais, tanto con medios persoais como materiais e económicos, reformulando o actual sistema de extinción de incendios?
4. Terá a Xunta en conta esta estratexia e a reformulación do sistema de extinción de incendios na aprobación do PLADIGA 2020?
5. Vai elaborar a Xunta un plan que impulse a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica?
6. Vai por a Xunta en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable?

Santiago de Compostela, 03/09/2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,
Pancho Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez,
Deputada e deputados do G.P. Mixto



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 03/09/2019 13:20:39

David Rodríguez Estévez na data 03/09/2019 13:20:45

Paula Vázquez Verao na data 03/09/2019 13:20:53

Francisco Casal Vidal na data 03/09/2019 13:21:02



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O pasado 25 de xuño coñeciamos a través de diferentes medios de comunicación que un mozo de 30 anos intentara suicidarse arroxándose desde a ponte nova de Ourense, un suceso que rematou co seu rescate por parte de axentes da policía local e nacional no río Miño.

A TVG tamén informou desta nova titulando “Rescatan un mozo que se lanzou ao Miño desde unha ponte en Ourense”. Tanto no vídeo que aínda hoxe se pode visualizar na páxina *web* da CRTVG, como na nova emitida no TX-1, a imaxe da faciana do rapaz non aparece pixelada, e é facilmente recoñecible. A reprodución desta secuencia pode ferir a sensibilidade tanto da persoa que aparece nela como a da súa familia, así como a do telespectador, e a súa reprodución ten desde o noso punto de vista a única intención, que é a de xerar morbo.

Por iso a deputada e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Quen ordenou e/ou recomendou a emisión destas imaxes?
- 2ª) Que criterios se empregaron na toma desta decisión?
- 3ª) Por que se decidiu non pixelar a faciana do rapaz?
- 4ª) Que aporta desde o punto de vista informativo, a emisión destas imaxes?
- 5ª) Ten previsto retiralas da páxina *web*?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:





Noela Blanco Rodríguez na data 03/09/2019 13:41:37

Julio Torrado Quintela na data 03/09/2019 13:41:50



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, M^a Dolores Toja Suárez, Patricia Vilán Lorenzo e Teresa Porritt Lueiro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

A lexislación vixente establece claramente o uso non sexista da linguaxe, entendendo por tal a utilización de expresións lingüisticamente correctas substitutivas doutras, correctas ou non, que invisibilizan o feminino ou o sitúan nun plano secundario respecto do masculino.

Así o recolle o *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade*, así como o artigo 14 da *Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*.

Consecuencia desta normativa, dende a Xunta de Galicia se vén elaborando un informe de impacto de xénero con anterioridade a aprobación de leis polo Parlamento de Galicia, o cal contén unha serie de suxestións encamiñadas a utilización dunha linguaxe inclusivo e non sexista.

Pero este informe, actualmente habitual, soamente realízase dende a aprobación da normativa devandita, polo que existen abundantes exemplos de lexislación cunha utilización de linguaxe sexista.

O paso do tempo vai facendo que cada vez a normativa en vigor conteña unha linguaxe menos sexista, ao derrogar, modificar ou actualizar diversas normas lexislativas, pero é preciso promover a erradicación da linguaxe sexista, posto que, aínda por desgracia, existen abundantes disposicións que conteñen unha linguaxe sexista non desexada.

Acaso destaque neste ámbito, a normativa en vigor sobre o “Valedor” do Pobo de Galicia, que mantén tal nome incluso logo da aprobación de varias modificacións lexislativas. Denominación que contrasta co feito de que, tanto no pasado como na actualidade, tal institución estea ocupada por unha muller.



A nivel lexislativo poden citarse outros exemplos, como son, entre outros, as leis autonómicas que regulan a varios colexios profesionais, como a de “podólogos”, de “educadores sociais” ou de “protésicos”; ou a lei de confrarías de “pescadores”; ou, no ámbito da sanidade, a relativa a historia clínica “dos” pacientes.

Son expresión que compre modificar e substituír por outras que eviten formas discriminatorias ou androcéntricas, de modo que a terminoloxía empregada estea en harmonía co principio de igualdade de sexos. Así o recolle mesmo o artigo 97 das Directrices de técnica normativa aprobadas en Galicia.

Faise pois convinte tomar as medidas precisas para contribuír dende a Xunta de Galicia a instaurar unha política de igualdade, para o cal a nosa linguaxe debe ser igualitaria, non discriminatoria, inclusiva e non androcéntrica, estando libre de estereotipos sexistas.

Por todo o exposto as deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.^a) Entende o Goberno que o espírito polo que foi aprobado o *Decreto lexislativo 2/2015* ten que outorgar a debida prioridade á revisión das leis autonómicas xa en vigor para corrixir a linguaxe sexista contida nas mesmas?
- 2.^a) Ten realizado o Goberno algunha xestión neste sentido?
- 3.^a) Cal é o prazo que contempla o Goberno para a urxente revisión e corrección do linguaxe sexista contido na lexislación autonómica actualmente en vigor?

Pazo do Parlamento, 30 de agosto de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
M^a Dolores Toja Suárez
Patricia Vilán Lorenzo
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 54976
Data envío: 03/09/2019 16:27:32.039

María Luisa Pierres López na data 03/09/2019 16:21:33

María Dolores Toja Suárez na data 03/09/2019 16:21:47

Patricia Vilán Lorenzo na data 03/09/2019 16:22:03

María Teresa Porritt Lueiro na data 03/09/2019 16:22:17

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSFPMUC4RQhBG8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Por parte dun colectivo de mestres da especialidade de francés se ten traslado ao Grupo Parlamentario Socialista unha serie de aparentes irregularidades en relación coa adxudicación de destinos provisionais nos últimos cursos.

Así, segundo este colectivo, en diversos centros estanse a adxudicar prazas que corresponden por catálogo a esta especialidade a outras e mesmo documentan as súas afirmacións con diversos casos de prazas adxudicadas, segundo este colectivo, de xeito irregular.

Así teríamos nesta situación prazas nos seguintes centros: CEIP Pedro Caselles (Tomiño), CEIP Antonio Magariños (Cambados), CEIP Plurilingüe dos Dices (Rois), CEIP Conmenioño (O Grove), CEIP Juan Rey (Lourenzá), CEIP de Vilaxoán (Vilagarcía de Arousa), CEIP Monte dos Postes (Santiago), CEIP de Castrelo (Cambados), CEIP de Nantes (Sanxenxo), CEIP Otero Valcárcel (Carral), CEIP Vicente Risco (Vigo), CEIP Portonovo (Sanxenxo), CEIP A Ramallosa (Teo), CEIP Manuel Masdías (Ferrol), CEIP do Seixo (Marín), CEIP Alexandre Rodríguez Cadarso (Noia), CPI Cernadas de Castro (Lousame), CEIP Campomaioir (Ordes), CEIP Pérez Viondo (A Estrada), CPI de Mondariz (Mondariz)m CEIP José María Lage (Ortigueira), CPI do Progreso (Catoira), CEIP de Abanqueiro (Boiro) e CEP Pilar Maestu Sierra (A Pobra do Caramiñal).

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da situación exposta por este colectivo?

2ª) Estanse a adxudicar como destinos provisionais a outras especialidades prazas que, conforme á configuración de unidades dos centros, deberían ser ofertadas por francés por estar así establecido no catálogo que se vén empregando?

3ª) Considera a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que o colectivo de mestres da especialidade de francés, funcionarios ou interinos, ten un tratamento distinto ao resto das especialidades?



4ª) Ten detectado algún caso como o que expón o colectivo demandante? De ser así, deuse algunha instrución para corrixilo?

Pazo do Parlamento, 3 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 03/09/2019 17:24:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 03/09/2019 17:24:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

O pasado mes de marzo de 2019 o feminismo galego volveu facer historia cunha folga e unha serie de mobilizacións previas que superaron a asistencia e expectativas xeradas após a tamén histórica xornada do 8 de marzo de 2018. Porén, a resposta esixida nas rúas non ten chegado na parte que compete ás administracións públicas e é preciso tomar conciencia da necesidade de incrementar os esforzos a realizar.

Recentemente Galiza, e tamén outros pobos do Estado español, volvían vivir asasinatos machistas que fixeron saltar a alarma social pero que, porén, unha vez máis, non mereceron comparecencias específicas dos gobernos como si o fixeron outros asuntos. No mes de xullo, galegas e galegos volvíamos saír ás rúas para condenar un novo feminicidio en Galiza, no concello de Vilalba. Cómpre recordar tamén que este último asasinato tiña lugar despois de que unha orde de afastamento fora quebrantada, o que nos recorda a necesidade imperiosa de mellorar os mecanismos de protección existentes e de mellorar e aumentar os recursos existentes.

A estes feitos únense unha longa lista de acontecementos recentes que non son unha excepción, senón que son habituais na nosa realidade máis achegada, e que nos recordan a necesidade de apostar por máis medidas para unha transformación social



urxente que debilite o sistema patriarcal que nos violenta e asasina. Recordamos, por exemplo, novos concursos sexistas que tiveron que ser cancelados por presión social, denuncias por agresións sexuais en festas e festivais, agresións verbais aos puntos lilas de moitos eventos, sentenzas patriarcais, puntos de encontro con condicións inadecuadas e, unha vez máis, pechados no mes de agosto ou problemas coa rede de casas de acollida ao tempo que o tan publicitado Pacto de Estado é un titular máis do que unha realidade (sen supoñer aínda un só cambio legal relevante para as mulleres galegas) e o cumprimento da Lei galega de 2007 está a ser sistematicamente vulnerado en cuestións tan importantes como a atención psicolóxica dentro da Atención Primaria.

Son moitos os sinais de alerta dunha situación insoportábel e que non se arranxa con medidas cosméticas como posicionamentos puntuais nas efemérides ou xestos exclusivamente simbólicos e baleiros de contido e compromiso. As administracións teñen unha responsabilidade que debe cumprirse, corrixir o que non funciona e incrementar as actuacións.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para cumprir ao 100% a lexislación vixente en materia de violencia machista?

Que valoración lle merecen as recentes mobilizacións feministas? Pensa que cumpriu coas súas esixencias?

Vai aumentar a Xunta de Galiza nos vindeiros orzamentos as contías respecto da protección e loita contra a violencia machista? E as actuacións que non son publicidade? Chegará ao 1% dos orzamentos? Cales son os motivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que demandas ten trasladado ao goberno central? E respecto das administracións locais?

Considera que o sistema de financiamento galego é xusto respecto da loita contra a violencia machista?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2019 17:35:15

Xosé Luis Bará Torres na data 03/09/2019 17:35:23

María Montserrat Prado Cores na data 03/09/2019 17:35:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2019 17:35:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 03/09/2019 17:35:50

Ana Pontón Mondelo na data 03/09/2019 17:35:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, Francisco Casal Vidal e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputados do G.P. Mixto, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita.**

O IGE publicaba o PIB de Galicia do terceiro trimestre que medrou un 0'3% no segundo trimestre de 2019, unha décima inferior á rexistrada no 2018, inda que a riqueza xerada é un 2% superior ao tamaño de hai un ano, inda que menor á de hai 3 meses e moi lonxe do 2'9% que se acadou no segundo trimestre do 2018. É o menor crecemento interanual do PIB de Galicia desde o ano 2014, e inda que a economía medrou desde hai 23 trimestres consecutivos fíxoo cada vez de xeito máis reducido.

Galicia é a 5ª economía máis importante despois de Cataluña, Madrid, Andalucía, Valencia e Euskadi. Con respecto a esta última, pese a ter máis habitantes Galicia con 2.699.299 persoas fronte as 2.172.591 persoas de Euskadi as cifras do PIB que manexa o noso país é de 61.000 millóns de euros fronte aos case 72.000 millóns de euros do PIB de Euskadi, 11.000 millóns de euros menos no PIB.

A economía galega, como a estatal desacelorse. Mentres que no que respecta á demanda interna se mantivo no 3,3%, a demanda externa sitúase en valores negativos ata acadar o -1,3%. A Consellería de Facenda atribúe esta desaceleración á caída das exportacións, cun descenso interanual do 8,6%.

No que respecta a estrutura do PIB a prezos de mercado pola vía da oferta todos os sectores teñen un comportamento positivo, menos a industria que descendeu un 2,1%. Hai que lembrar que a industria emprega ao 18,9% da cidadanía galega ocupada, unha porcentaxe similar á da poboación ocupada nas administracións públicas, a sanidade e a educación co 18,6%.

Estamos lonxe do obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB, actualmente no 16,5%.



Por todo o exposto, a deputada e os deputados que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta escrita:

- Que medidas vai tomar a Xunta para reactivar a economía galega? En que consistirán estas medidas?
- Pensa a Xunta incentivar a contratación de xente nova nas empresas para mellorar o crecemento do PIB galego?
- Como pensa atallar a Xunta a perda de industria en Galicia? Preocúpalle a Xunta como afecta esta perda do sector industrial ao noso país?
- Como pensa acadar o obxectivo marcado pola Comisión Europea de que a industria represente no ano 2020 o 20% do PIB?

Santiago de Compostela, 04/09/2019.

Asinado: Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao,
Davide Rodríguez Estévez e Pancho Casal Vidal,
Deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 04/09/2019 09:38:34

David Rodríguez Estévez na data 04/09/2019 09:39:24

Paula Vázquez Verao na data 04/09/2019 09:39:34

Francisco Casal Vidal na data 04/09/2019 09:40:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Cada vez hai máis evidencias do espolio sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mobles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia, constituíndo un claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo tamén debe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?
2. Considera necesario o goberno galego facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta?
3. Considera de interese o goberno galego elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/09/2019 12:49:13

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2019 12:49:21

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2019 12:49:29

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2019 12:49:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 04/09/2019 12:49:49

Ana Pontón Mondelo na data 04/09/2019 12:49:58



Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Luis Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

O pasado 15 de xullo de 2019, a alcaldía do Concello de Viveiro deu traslado ó Instituto Galego de Vivenda e Solo do informe técnico sobre o estado de varias edificacións sitas na intersección das rúas Rosalía de Castro con Fernández Victorio, titularidade do Instituto Galego de Vivenda e Solo. Trátase de tres vivendas unifamiliares, particularmente a n.º 17 da Rúa Rosalía de Castro, e a n15 e s/n da Fernández Vitorio. Esta información xa fora reiterada previamente e en diversas ocasións directamente coa Delegación en Lugo do IGVS.

No informe remitido ó IGVS pódese constatar como as tres vivendas víronse afectadas polas inclemencias climatolóxicas acontecidas nestes derradeiros invernos, orixinando unha serie de desprendementos do revestimento de fachada sobre o vial público que alarmaron á veciñanza. A este suceso, hai que engadir o feito de que no interior da parcela existe vexetación que a día de hoxe esténdese polas fachadas e invade a rúa Fernández Victorio.

Estas vivendas, a día de hoxe, ven como a súa situación vese agravada pola inacción por parte do IGVS . Ante a inminente chegada do inverno, esta situación previsiblemente empeorará co conseguinte risco a terceiros.

As labores que se fan precisas para a emenda das deficiencias advertidas e para o restablecemento das condicións de seguridade e ornato público legalmente esixibles, consisten en:

- Desbroce da vexetación existente nas edificacións incluído a retirada de todo o material resultante.
- Eliminación de vexetación existente nas fachadas.
- Retirada do revestimento de fachada con risco de desprendemento.
- Saneado das fachadas das edificacións.



Cabe sinalar que estes inmobles están regulados pola Ordenanza 1.3 de solo urbano do casco antigo de Viveiro. As condicións de edificación e a regulación de usos son, polo tanto, as recollidas na normativa do documento do “Plan Especial de Protección e de Reforma Interior do casco antigo”. O plan Especial pronúnciase ó respecto dos deberes legais de uso, conservación e rehabilitación no seu apartado 7 (Deberes de uso, conservación e rehabilitación), nos seguintes termos: “Os propietarios dos terreos e construcións deberán destinalos, efectivamente, ó uso, en cada caso, establecido polo PEPRI e mantelos en condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Quedarán suxeitos, igualmente ó cumprimento das normas sobre protección ambiental, patrimonial e arqueolóxica aquí contidos”.

O pasado 2 de maio de 2019 aprobouse a Lei 1/2019 do 22 de abril de 2019, de rehabilitación e rexeneración urbanas de Galicia, documento que ten como obxecto regular a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e a renovación urbana con especial atención na conservación e a mellora, entre outros, dos conxuntos históricos galegos.

Parece que esta sería unha boa oportunidade para “tomar nota” e comezar por ocuparse do patrimonio edificatorio propiedade da Xunta de Galicia.

E máis alá da emerxente restauración das condicións de seguridade e ornato, urxe tamén o fin último para o que foron adquiridos os inmobles, a súa rehabilitación integral como vivendas de protección pública. Neste sentido é preciso ter en conta as verdadeiras necesidades das familias deste concello, e habilitar vivendas con superficie e dormitorios suficientes para atender a demanda real existente na zona. Neste momento existen 46 familias demandantes de vivenda de protección pública no concello, 44 delas en réxime de aluguer e desas 11 especificamente en ámbito do casco histórico.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:



- 1.^a) É coñecedor o IGVS da situación actual de abandono das vivendas sitas na Rúa Rosalía de Castro 17 e Fernández Victorio 15 e s/n no concello de Viveiro e dos problemas derivados dese estado?
- 2.^a) Vai a atender as demandas do Concello de Viveiro manifestadas co envío do informe técnico sobre o estado das vivendas nomeadas remitido o pasado 15 de xullo e remitido así mesmo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda o pasado 29 de agosto?
- 3.^a) Cal vai a ser o programa mínimo das vivendas que se contemplan nesas parcelas? Ten realizado algún estudo ou proxecto sobre as mesmas?
- 4.^a) Van a ter en conta a verdadeira demanda das familias dese concello?
- 5.^a) Será o Rexistro de Demandantes de Vivenda a guía que se empregue para garantir a maior eficacia na configuración das vivendas?
- 6.^a) Cal é a data na que pensan levar a cabo as obras de actuación, tanto de mantemento como de construción nestes inmobles?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Luis Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 12:40:41

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 12:40:57

Patricia Otero Rodríguez na data 04/09/2019 12:41:12



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Teresa Porritt Lueiro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Nestes últimos tempos ten medrado a preocupación cidadá en relación ao vertedoiro que existe a só dúas millas da franxa de protección da illa de Sálvora, illa que pertence ao Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia e que está radicada na ría de Arousa. Ao longo das últimas dúas décadas, segundo indican estudos oficiais, téñense acumulado non menos de 2 millóns de metros cúbicos de residuos procedentes de dragaxes portuarias, ao que se suma a preocupación de realizar novos vertidos polo Goberno galego, é dicir, unha nova ameaza á riqueza ambiental e económica da ría de Arousa, pois esta zona é zona OSPAR, zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN), Zona de Especial Conservación (ZEC), Zona de especial protección para as aves (ZEPA) e Ben de Interese Cultural coa categoría de paisaxe protexida.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Vai facer o Goberno da Xunta de Galicia novos vertidos a só dúas millas da franxa de protección da illa de Sálvora, na ría de Arousa?
- 2.ª) Se a resposta fose positiva, que medidas pretende poñer en marcha o Goberno para garantir a preservación deste espazo de altísimo valor ambiental?

Pazo do Parlamento, 10 de abril de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Teresa Porritt Lueiro
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 17:42:36

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 17:42:56

María Luisa Pierres López na data 04/09/2019 17:43:08

María Teresa Porritt Lueiro na data 04/09/2019 17:43:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do **Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre as actuacións que desenvolve a Xunta para evitar a proliferación do abandono e das camadas indesexadas.

Cada día as redes sociais ferveren con novos casos de abandono, de camadas de cans ou gatiños que son arroxadas a colectores do lixo ou deixadas á súa sorte no interior de bolsas de supermercado para executar unha morte cruenta por inanición ou golpes de calor.

A Lei de Benestar Animal de 2017 estaba chamada, en verbas da Conselleira de Medio Ambiente do momento, a ser unha norma pioneira en Europa, o que evidencia a falta de coñecemento sobre as políticas que se teñen posto en marcha en países como Portugal, Alemania, Holanda ou Austria.

Polo anterior, formúlanse as seguintes preguntas:

- Que medidas ten implementado a Xunta dende a promulgación da Lei de Benestar Animal para evitar os abandonos?
- Que trámites realiza para sancionar ás persoas que venden animais de xeito irregular como denuncian LIBERA! e FFW?



- Cantas denuncias por comercio ilegal ten recibido dende a entrada en vigor da Lei e cantas foron resoltas e por que contías de sanción?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 19:28:30

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 19:28:42



Á MESA DO PARLAMENTO

Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García, deputados do Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta escrita, sobre as axudas outorgadas pola Xunta de Galicia para fomentar a Lei de benestar animal de Galicia.

En 2018 e 2019 o Goberno galego convocou axudas para entidades protectoras e Concellos no marco do cumprimento da Lei de Benestar Animal cun valor conxunto de 225.000€, unha cantidade que contrasta co investimento que fan países europeos en políticas animalistas.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- Que Concellos solicitaron as axudas nestes anos e cales recibiron as mesmas neste período?
- Que entidades protectoras solicitaron as axudas nestes anos e cales recibiron as mesmas neste período?
- Que valoración fai a Xunta deste investimento, que contrasta coas axudas que reciben lobbies como a caza?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2019.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. do Grupo Común da Esquerda



Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 04/09/2019 19:24:34

Antón Sánchez García na data 04/09/2019 19:24:45



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Concepción Burgo López, Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Galicia, polo seu emprazamento xeográfico e as súas particularidades físicas, conta con numerosas pontes, mais non todas esas pontes teñen a mesma entidade física nin tampouco a mesma significación histórica. En realidade, sendo poucas as que reúnen estas dúas premisas, unha das máis relevantes é a que supera o río Verdugo e que une as parroquias de Arcade (Concello de Soutomaior) e Pontesampaio (Concello de Pontevedra).

Construída cun aparello de sillería granítica, na súa configuración actual son evidentes intervencións de momentos diferentes, as máis antigas visibles a día de hoxe, dado o tipo de arcos apuntados conservados na súa estrutura, de tempos baixomedievais. Esta intervención, sen dúbida, fíxose sobre ou a partires de fundamentos anteriores, romanos con toda probabilidade, pois o certo é que os miliarios localizados non moi lonxe do monumento invitan a pensar que a súa orixe se data xustamente nesa época. No río, por outro lado, encontrábase o límite, en tempos romanos, entre o Conventus Bracarenis e o Conventus Lucensis e marca -aínda hoxe e dende a Idade Media- a separación entre as dióceses de Tui e Santiago de Compostela, separación que, con toda probabilidade, marcaban as dúas construcións de pedra que hai tempo desapareceron do medio da ponte.

Esta ponte é coñecida, sobre todo, pola batalla dos días 7 e 8 de xuño de 1809, facendo dela un referente imprescindible da nosa cultura, espazo histórico de reivindicación e liberdade. En efecto, as forzas da chamada División do Miño, dirixidas por Morillo, apostáronse na ponte o día 7 de xuño de 1809, co cometido de evitar a reconquista de Pontevedra, Marín e Tui polo exército francés dirixido polo mariscal Ney, quen contaba con preto dos 10000 efectivos. A milicia galega derrubou dous arcos da ponte e rexeitou o ataque francés. O trunfo foi fundamental para a do exército francés do noso país.

Ademais, pola ponte pasan cada ano milleiros de peregrinos que fan o camiño portugués a Santiago de Compostela.

O estado actual da ponte caracterízase polo seguinte: das rochas agroma vexetación case todos os meses do ano, moitas pedras están movidas e desencaixadas, o pavimento da estrada autonómica que por ela circula está levantado e rachado en moitos dos seus tramos como consecuencia do tráfico que a diario segue a circular por



riba e a iluminación roza o ridículo. Ao anterior hai que sumar os desperfectos no seu pretil que case cada ano sofre (en 2013, 2014, 2018, por exemplo), o último o pasado 16 de agosto, cando un condutor descoidado levou por diante varias pedras co seu vehículo. O propio Goberno respostaba en marzo de 2016 que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte é “aceptable”.

Polo exposto, as deputadas e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

- 1.ª) Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que a significación física e histórica da ponte medieval de Pontesampaio é acorde con que, segundo inspección básica da Axencia Galega de Infraestruturas, o estado de conservación da ponte fose “aceptable” hai anos? Que significa “aceptable”?
- 2.ª) Cando foi a última inspección que realizou a Axencia Galega de Infraestruturas sobre esa ponte?
- 3.ª) Pensa o Goberno que se deben adoptar medidas para protexer a ponte e impedir un maior deterioro?
- 4.ª) Se a resposta fose positiva, cales serían esas medidas e cando se desenvolverían?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 04/09/2019 18:34:34

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/09/2019 18:34:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:35:01



Á Mesa do Parlamento

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta escrita**.

O presidente Feijóo reiterou en múltiples ocasións o seu compromiso de continuar o proxecto da construción do Museo da Romanización de Galicia -un proxecto que vén xa do Goberno Fraga-, na cidade de Lugo, rehabilitando para elo o Cuartel de San Fernando. Un proxecto que tamén foi e ratificado polo Parlamento de Galicia en 2009. ao aprobar por unanimidade o 22 de maio unha proposta non de lei do grupo socialista que instaba a realizar este museo.

O cuartel de San Fernando, declarado BIC en 2009, foi mercado polo concello de Lugo ao Ministerio de Defensa por un importe de 2,4 millóns de euros e cedido á Xunta de Galicia para construír este Museo en 2010.

Por elo a Consellería de Cultura convocou un concurso de ideas, que adxudicou en agosto de 2010, para rehabilitar o dito cuartel co fin de convertelo nun museo, rematándose dous anos mais tarde o proxecto básico e de execución, e invertendo uns 400.000 euros segundo os cálculos da consellería en estas acción e actividades arqueolóxicas dentro do edificio.

A pesar de que a Xunta de Galicia non fixo nada dende 2012 en relación con este proxecto, demandado por toda a cidadanía lucense e tamén polo PP do Concello de Lugo, tanto a Consellería de Cultura como o presidente, mantiveron sempre que tiñan vontade de poñelo en práctica e que sufría un atraso debido as condicións económicas.

Pasados sete anos dende o remate do proxecto básico, e con unhas condicións económicas que o PP non deixa de definir como boas, cremos que xa chegou a hora de que a Xunta de Galicia asuma seriamente o proxecto de crear o Museo da Romanización de Galicia e comece a dar os pasos necesarios.

Polo exposto, a deputado e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Segue mantendo a Xunta de Galicia o compromiso manifestado en múltiples ocasións de poñer en marcha o Museo da Romanización de Galicia no cuartel de San Fernando de Lugo?





2.ª) Cales son as previsións para a realización deste museo?

Pazo do Parlamento, 04 de setembro de 2019

Asdo.: Concepción Burgo López e
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 04/09/2019 18:38:19

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 04/09/2019 18:38:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Acollemos con sorpresa a iniciativa a respecto do xabaril e a demanda ao Estado reivindicando unha actuación decidida que poña solución a esta cuestión que está a promover o PP en diferentes comarcas galegas. Así, o PP de Lalín, a través dunha moción presentada para sometela a debate e votación no Pleno Municipal do 30 de agosto, na procura de obter un apoio unánime de tódalas forzas da corporación, argumenta basicamente que a solución á situación do xabaril pasa por demandar ao Estado que lidere as accións para poñer remedio a esta situación. Entre outras novidades, demándalle que declare praga esta especie, que elabore un censo de poboación por CCAA, que determine medidas de xestión, que estableza accións de bioseguridade (entre elas levantar unha valla con Francia), e que coordine ás CCAA neste asunto pois ao seu xuízo semella que non está a facer nada.

Carga o PP de Lalín contra o goberno central pola pasividade neste asunto, máis obvia valorar o papel e responsabilidade que neste eido lle corresponde á Xunta. Do mesmo modo, o 28 de agosto, o PP provincial de Lugo, anuncia semellantes argumentos co propósito de levar ao pleno da Deputación de Lugo, pedíndolle ao goberno central unha actuación fronte ao xabaril.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente, o 31 de agosto, en Rodeiro, o PP da provincia de Pontevedra, a través do seu presidente provincial, Alfonso Rueda, anuncia que presentarían na Deputación unha moción no mesmo sentido, “reclamar ao Goberno central que deseñe una estratexia común entre administracións para “frear” as consecuencias da proliferación do porco salvaxe nos cultivos e na seguridade vial”.

Unha das demandas principais que realizan é esixir do Estado a declaración da poboación do xabaril coma “PRAGA”, aspecto este que cabe matizar. En virtude da lexislación existente, é a Lei 43/2002, de 20 de novembro, de sanidade vexetal, a que regula o concepto de praga que afecte a cultivos e do procedemento da súa declaración e aplicabilidade.

Para a declaración oficial dunha praga as autoridades competentes deberán verificar a presenza e a importancia da “infestación”, e que no caso do xabaril, partindo que non existe unha información de partida sobre o tamaño poboacional, xa que non se dispoñen de censos, que ata agora negaron, e deberían concorrer outra serie de elementos para elevalo ao nivel de “infestación”. Máis de insistir nesta vía, e se tan claro o ten unha parte do PP de Galiza, non entendemos o motivo polo que non promoven desde o goberno da Xuntas dita declaración, pois o artigo 14, “Actuacións inmediatas e declaración de existencia dunha praga”, nos seus apartados 2) e 3) outorga a posibilidade de que as CCAA poidan declarar pragas dentro do seu territorio.

Cabe recordar que en materia de medio ambiente Galiza ten asumido competencias compartidas, correspondéndolle ao Estado a lexislación básica e á Galiza referidas ao desenvolvemento de normas adicionais, entre elas a que permite adoitar medidas propias para a xestión da fauna a través da súa lei de conservación da natureza, así coma a competencia en exclusiva da caza (EAG artigo 27.15). Xa que logo, Galiza conta coa suficiente autonomía normativa para dispoñer de medidas de actuación fronte





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ao xabaryl, sendo ademais quen debe exercer a responsabilidade competencial inmediata neste eido no desenvolvemento das súas atribucións.

Tendo en consideración que por numerosas veces, nos últimos tempos, o BNG ten presentado neste Parlamento, tanto no Pleno coma en Comisións, iniciativas demandando un Acordo para que a Xunta adoitase tódalas medidas ao seu alcance para poñer solución definitiva ó problema suscitado pola sobrepoboación do xabaryl, nomeadamente a elaboración e aprobación dun Plan de Xestión da especie incluíndo un censo e un protocolo de bioseguridade, coma medidas principais e eixos sobre os que dispoñer toda a gama de accións necesarias.

